



MULLERES EN GALICIA CIFRAS QUE IMPORTAN

#6# MULLER E COMERCIO

O sector do comercio constitúe un pilar clave na economía galega e caracterízase por unha **destacada presenza feminina**, tanto no traballo por conta allea como no ámbito empresarial ou autónomo, en actividades polo miúdo e por xunto.



Comercio polo miúdo: venda directa de bens sen transformación, a través de tendas, grandes almacéns, venda ambulante ou en liña.



Comercio por xunto: venda sen transformación de produtos novos ou de segunda man a comerciantes polo miúdo, almacenistas ou clientela profesional e institucional.

CIFRA DE NEGOCIO SECTOR COMERCIO

O sector comercio é un dos máis feminizados da economía, cunha presenza maioritaria e crecente de mulleres empresarias e asalariadas.

EVOLUCIÓN 2018 - 2024

Cifra negocio 2024 (miles €)

Galicia → 6.317.616

España → 1.068.256.530

+ 34,12%

cifra de negocio Galicia

**+2,57 puntos porcentuais
que a media estatal**



AS MULLERES NO SECTOR COMERCIO EN GALICIA

MULLERES OCUPADAS




8.800

mulleres asalariadas (2024)

**+ 7,2% máis
que homes**

na última década sempre houbo máis mulleres
que homes asalariadas en comercio

AUTÓNOMAS E EMPRESARIAS



**+4,2 puntos sobre a
media estatal**


Galicia supera a
representación feminina
autónoma

** Datos estimados para Galicia, supoñendo unha
distribución homoxénea dos datos a nivel estatal*

FENDA SALARIAL NO SECTOR COMERCIO EN GALICIA



evolución da fenda



16,4%

12,9%

**12,9%
fenda salarial
en 2023**

**cobran - 1,2 €/h
que os homes
en 2023**

A fenda reduciuse 3,5 puntos en 10 anos

ADEMAIS...

A **Xunta de Galicia** impulsa o **Programa para a promoción do emprego autónomo** para fortalecer a posición das mulleres no sector comercio, establecendo un **incremento do 15%** na contía para as mulleres autónomas.

Á súa vez, promove unha serie de axudas e políticas públicas que **potencian o crecemento do sector comercio** en Galicia:

- O **Plan Estratéxico do Comercio de Galicia 2025-2030** no que se investiron 320.862.632€ para contribuír a incrementar a competitividade, incentivar o desenvolvemento do comercio galego e promover un consumo responsable e sostible.
- O Programa **Emega** para o fomento do emprendemento feminino en Galicia que na súa edición de 2025 contou cunha partida orzamentaria de máis de 5 M€.
- O Programa de dinamización e incentivación do consumo nos comercios minoristas a través dos **bonos Activa comercio** cun orzamento de 2,5 M€ en 2025.
- A subvención para o **impulso da innovación e sustentabilidade do comercio local e artesanal** á que se destina un orzamento de 3,9 M€ en 2026.
- A subvención para o **impulso dunha Rede de mercados excelentes de Galicia e a dinamización e revitalización das prazas de abastos** cunha achega orzamentaria en 2026 de 2 M€.
- A liña de apoio para a **promoción da artesanía galega e o fomento da súa comercialización** que en 2025 destinou un financiamento de 265.000 €.

**Os programas/axudas da Xunta de Galicia poden variar a súa nomenclatura ao longo do tempo.*

Nota técnica: os datos desta infografía proceden do Instituto Galego de Estatística, do Instituto Nacional de Estadística, da Tesourería Xeral da Seguridade Social e da Mostra Continua de Vidas Laborais (MCVL) da Seguridade Social.

